

# ACTIVIDADES DE REPASO DO 1º TRIMESTRE

## UNIDADE 1. ORGANIZACIÓN SANITARIA

CONTESTAS AS SEGUINTES PREGUNTAS:

1. Cal é o noso sistema sanitario?
2. Enumera as características do noso sistema sanitario.
3. Quen ten dereito a asistencia sanitaria?
4. Cosos prácticos. Contesta **SI** ou **NON** se ten ou non dereito a asistencia sanitaria as seguintes persoas:
  - a. Ana é estudante menor de 26 anos e seus pais están asegurados:
  - b. Un bebé nace nun hospital en España:
  - c. Elena recibe unha pensión non contributiva por unha discapacidade
  - d. Pedro ven doutro país e ten permiso de traballo:
  - e. Miriam é unha muller embarazada que non ten permiso de residencia en España:
5. Nomea o marco legal do noso Sistema Nacional de Saúde.
6. Como se financia o noso sistema nacional de saúde?
7. As áreas de saúde en Galicia teñen un tamaño desigual. Cales son os criterios de delimitacións das áreas?

8. Cales son os tipos de asistencia sanitaria (AP ou AE) que existe nas zonas básicas de saúde?
9. Fai un cadro resumo das diferentes competencias específicas en materia de sanidade na administración central, na CCAA ou no Concello.

| Administración central | Comunidade Autónoma | Concello |
|------------------------|---------------------|----------|
|                        |                     |          |

10. De que forma podemos solicitar unha asistencia sanitaria en AP?

- a. —
- b. —
- c. —

11. Cita as características de AP:

12. Que diferenza os CAP I, CAP II e CAP III?

13. Escribe tres traballadores que formen parte do Equipo básico de AP (EBAP) e 4 do Equipo de Apoio

| EBAP | EQUIPO DE APOIO |
|------|-----------------|
|      |                 |

14. Cita as función de AP

15. Dos seguintes programas de saúde clasifícaos segundo sexan de carácter básico ou de carácter específico

|                                    |  |                     |
|------------------------------------|--|---------------------|
| 1. Programa de vacinación infantil |  | CARÁCTER BÁSICO     |
| 2. Atención o paciente ancian      |  |                     |
| 3. Atención materno-infantil       |  |                     |
| 4. Diagnóstico de cancro de mama   |  |                     |
| 5. Campaña de vacinación da gripe. |  |                     |
| 6. Atención o neno san             |  | CARÁCTER ESPECÍFICO |
| 8. Atención o paciente adulto      |  |                     |
| 9. Atención o medio                |  |                     |

16. Que é un CSUR e como se pode acceder?

17. Que entendes por clasificación CLUSTER do ano 2008?

18. Pon un exemplo dos seguintes traballadores dun Hospital:

- a. Persoal sanitario non facultativo:
- b. Persoal sanitario facultativo:
- c. Persoal non sanitario técnico titulado:
- d. Persoal non sanitario de oficio:
- e. Persoal non sanitario de servizos especiais:
- f. Persoal non sanitario subalterno:

19. Que fai a xerencia dun hospital?

20. É o mesmo un director médico que un xefe de servizo?

21. Identifica se as seguintes actuacións están incluídas no catálogo de prestacións do Sistema Nacional de Saúde:

- a) Tratamento de blanqueamiento dental.
- b) Inserción dun balón intragástrico a un paciente con obesidade mórbida.
- c) Atención paliativa a un paciente cun cancro terminal.

- d) Rehabilitación dun paciente que sofre un trastorno bipolar da personalidade.
- e) Tratamento dun paciente que presenta unha hepatitis vírica crónica con medicación homeopática.
- f) Ingreso na unidade de psiquiatría dun hospital xeral dun paciente mental cun brote psicótico.
- g) Nutrición enteral domiciliar para un paciente que, debido á súa patoloxía, non pode ingerir alimentos ordinarios.
- h) Estancia nun balneario para un paciente que sofre de estrés.
- i) Dispensación dun collarín a un paciente que sufriu un accidente de tráfico.
- j) Transporte dun paciente en ambulancia desde o seu centro de saúde ao hospital correspondente.

## **UNIDADE 2: A SAÚDE PÚBLICA**

1. Que diferenza hai entre saúde pública e saúde comunitaria?
2. Fai un esquema dos determinantes de saúde expostos polo modelo Lalonde.
3. Deseña un caso práctico dun paciente no que poñas de manifesto 1 factor endógeno e tres factores exógenos.
4. Escolle unha enfermidade e fai a liña temporal da historia natural de dita enfermidade.

5. Para que serven os indicadores de saúde?

6. Dentro de que tipo de indicadores se clasifican a taxa de mortalidade xeral?

7. Estímase que a taxa de mortalidade proporcional de DM está en 2,5%. Que quere dicir esa cifra?

8. Supoñamos que tes unha proba para detectar unha enfermidade específica.

Nun grupo de 100 persoas, 30 teñen a enfermidade e 70 non a teñen. Ao realizar a proba os resultados obtidos foron:

- 25 das 30 persoas enfermas deron positivo.
- 10 das 70 persoas sans deron positivo.

CONTESTA: 1- Cal é a sensibilidade da proba? 2- Cal é a especificidade da proba?

9. Onde se recolle o rexistro de mortalidade en España?

10. Cal é a diferenza entre taxa de mortalidade e taxa de morbilidade?

11. Que quere dicir que a prevalencia da DM é de 6,68% e a incidencia no ano 2021 de 0,33%?

12.

- A. Calcula os indicadores sanitarios : TMX, TMI, Índice Swaroop, taxa de natalidade, incidencia de tuberculosis, incidencia de VIH, esperanza de vida total o nacer, ratio de médicos por poboación, ratio de enfermeiros por poboación, ratio de camas en funcionamento.
- B. ¿Qué factores determinantes de la salud (modelo Lalonde) son los que influyen en mayor medida sobre la incidencia del SIDA? Señala dos ejemplos de medidas de prevención primaria que podrían ser de utilidad para reducir este problema de salud.
- C. ¿Qué CCAA ten mellor estado de saúde?

|                                               | Galicia      | Madrid        |
|-----------------------------------------------|--------------|---------------|
| N.º de habitantes                             | 2.713.036    | 6.445.564     |
| Porcentajes de mujeres                        | 51,67        | 51,98         |
| Esperanza de vida en mujeres                  | 86,28        | 87,83         |
| Esperanza de vida en hombres                  | 79,74        | 82,24         |
| N.º de nacidos vivos                          | 19.805,16    | 63.102,07     |
| N.º total de defunciones                      | 12.368,46    | 24.150,88     |
| N.º de defunciones de niños < 1 año           | 62,39        | 160,28        |
| N.º defunciones ≥ 50 años                     | 8.248,71     | 14.573,64     |
| Casos nuevos de tuberculosis                  | 563,77       | 675,5         |
| Casos nuevos de VIH                           | 118,83       | 409,29        |
| Profesionales sanitarios (médicos/enfermeras) | 7.190/10.961 | 18.112/25.460 |
| Camas hospitalarias                           | 9.034,41     | 17.854,21     |